



Estrea da obra *El Adefesio*, setembro 1976. María Casares le no escenario as palabras de Rafael Alberti, aínda naquel momento exiliado en Roma ao non estar legalizado aínda o PCE. Cortesía do CDAEM Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música

Grandes papeis nos últimos anos de vida. Ponse na pel do Papa en *Elle* de Jean Genet, tamén con Sobel; da raíña *Hécube*, na traxედია de Eurípides, con dirección de Bruno Bayen, e participa nas *Comedias Bárbaras* de Valle Inclán co director Jorge Lavelli, que abrirán o Festival de Avignon en 1991. Son anos de recoñecementos e premios como o Molière, o Nacional de Teatro en Francia ou a nominación aos César polo seu papel no filme *La lectrice*. María Casares morre de cancro o 21 de novembro de 1996; pouco antes a Asociación de Actores e Actrices de Galicia puxérase en contacto con ela para poñer o seu nome aos seus galardóns anuais.

O legado de Alloue (Francia), a finca de La Vergne que a actriz adquire a principios dos anos sesenta do pasado século, é sen dúbida a herdanza viva dunha actriz de enorme xenerosidade que deixa o seu patrimonio en



Figuracións, de Luis Seoane. O artista fixo os apuntamentos do debuxo cando coñece a actriz en Arxentina en 1957; o debuxo será publicado en febreiro de 1974 en *La Voz de Galicia*, como parte da serie *Figuracións* que entre 1971 e 1974 Seoane desenvolve no xornal. Fundación Luis Seoane.

mans deste pequeno concello francés. Hoxe La Maison Maria Casarès é un centro cultural, co foco na creación artística e no achegamento do teatro e da danza ao gran público. No ano 2000, arranca a actividade en La Vergne co primeiro festival de verán e coa compañía teatral galega Casahamlet como convidada. A troupe do actor Manuel Lourenzo chega a Alloue cun carballo e terra de Montrove. No ano 2007, ábrese na Coruña a Casa Museo Casares Quiroga no número 12 da rúa Panadeiras - a casa familiar expoliada en 1936- coa presenza de Esther Varela Casares. Ela é a sobriña de María e filla da irmá da actriz, Esther Casares, retida na Coruña polo franquismo até 1955 por ser filla de quen era, e falecida en México en 1968. Unha espiña cravada no corazón do seu pai Santiago, da súa irmá María e da súa filla Esther. A cara B do exilio triunfante de María; outra historia que merece ser contada.

MARÍA CASARES


MULLER(ES) DE PALABRA

AGRUPACIÓN CULTURAL
ALEXANDRE BOVEDA

Colabora:



Deputación
DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



T. 981 200 869
www.alexandreboveda.gal
acorunhadasmulleres.gal



www.instagram.com/alexandreboveda/



twitter.com/ACBoveda



facebook.com/a.c.alexandre.boveda



MARÍA CASARES



Retrato de María Casares circa 1950. Colección Familia Casares Quiroga. Arquivo do Reino de Galicia.

Esta é a historia de María Victoria Casares Pérez, nacida en 1922 na Coruña, María Casares ou, para o público francés, María Casarès. Esta é a historia dunha das mellores actrices europeas de todos os tempos. Embaixadora da II República e do exilio por ser filla do político Santiago Casares Quiroga; compañeira de vida e cómplice de obra de Albert Camus durante quince anos, até a morte deste; residente privilexiada en Francia, con nacionalidade española até a morte de Franco en solidariedade con todas as persoas refuxiadas, e gran mito dos escenarios en Francia. Nas táboas da súa vida: Margarita Xirgu, Jean Cocteau, Jean Paul Sartre, Rafael Alberti, Jean Genet e unha longa nómina de artistas e intelectuais que traballaron con ela.

Unha vida cargada de acontecementos comeza o 21 de novembro de 1922 co nacemento de María Victoria Casares Pérez na rúa Panadeiras da Coruña. Vitola. Ou Vitoliña. Ceos e infernos, tantos acontecementos para unha rapaza. En 1931, coa chegada da II República a familia Casares Quiroga trasládase a Madrid, onde o pai desenvolve diferentes cargos de goberno. Alí sente María o primeiro exilio. Aqueles anos de Madrid deixan un “amor obstinado” polos acentos, especialmente polo galego que nunca perdeu. Acento que resoa nas aulas do *Instituto Escuela*, onde María estuda en Madrid con mestras como Isabel García Lorca. Cóllelle gusto ao baile e sente intensamente un berro interior que agoira o seu futuro profesional.



Salvoconduto de María Casares no París ocupado. Arquivo da Biblioteca Nacional de Francia.

Coas maletas preparadas para as vacacións galegas, prodúcese o golpe militar o 18 de xullo de 1936.

María Casares chega a Francia a finais de 1936 coa súa nai, Gloria Pérez Corrales. A partir deste momento, arranca un proceso de adaptación. Excepcional si, porque se ben o exilio colectivo tras a guerra do 36 está cheo de dor e separacións, no seu caso é ese desterro a que a conduce ao cumio da interpretación europea. Novísima, Casares comeza a súa



No colo de Esther, a súa irmá, 1923, A Coruña. Fondo Familia Casares Quiroga. Arquivo do Reino de Galicia.

carreira como actriz no Théâtre des Mathurins, en París; con apenas vinte anos ocupa as portadas das revistas de moda e é eloxiada pola crítica máis esixente, que vai prezando o seu francés de sotaque galego. O cinema, un mundo no que ela nunca se vai sentir cómoda, tamén a reclama; o seu primeiro papel será en *Les enfants du paradis*, dirixida por Marcel Carné e estreada en 1945, considerado o mellor filme francés de todos os tempos. Outros filmes emblemáticos na cinematografía gala, como *Les dames du Bois*



Afiche película Orphée dirixida por Jean Cocteau, 1950.

de Bologne, de Bresson, ou *Orphée*, de Cocteau, contarán co seu carisma na década dos corenta do pasado século. O escritor e premio Nobel, Albert Camus, entra na súa vida neses anos.

Afianza a súa carreira como actriz, coa condición de “gran traxica”, escollendo o teatro como o seu refuxio para a vida. Tras o paso, breve, nos primeiros cincuenta, pola Comédie Française, da que sae entre outras razóns polos problemas administrativos derivados da súa condición de



María Casares, Gérard Philipe et Jean Vilar, Xira do Théâtre National Populaire por Canadá e EUA, 1958. Foto Jean Rouvet © Fondos Association Jean Vilar.

refuxiada, María Casares intégrase en 1954 na troupe do Théâtre National Populaire de Jean Vilar. (foto4) A filosofía do TNP, a súa vinculación co Festival de Avignon (a cita teatral de referencia mundial aínda hoxe en día), as xiras internacionais por América Latina, a extinta URSS, EUA, Canadá....achegarnos á súa andaina nestes anos déixanos exhaustas. Co TNP fará unha xira en 1957 por Brasil, Uruguai, Arxentina, Chile e Perú, na que destaca o recibimento entusiástico do exilio galego en



María Casares con Virxinia Pereira, viúva de Castelao e un grupo de mozas. 1957, ano no que o Théâtre National Populaire fai unha xira latinoamericana que para en Buenos Aires, onde a comunidade exiliada recibe a María como unha celebridade. Fondos CGAI.

Bos Aires e o seu encontro con Eduardo Blanco Amor, Virxinia Pereira, Luís Seoane, o actor Tacholas... e tantas outras figuras desterradas, coma ela.

Nos anos sesenta, orfa de familia e tras a morte de Camus, Casares procura acubillo en América Latina, onde fará por primeira vez teatro en castelán con outro mito, Margarita Xirgu. Confa en novos dramaturgos, moitos deles refuxiados en Francia procedentes de todo o mundo. A súa non foi unha carreira cara a un estrelato definido pola popularidade, o diñeiro e a boa vida. Se, aos setenta anos, o que se espera dunha dama da escena son dez minutos de gloria nun papel secundario dunha peza de autor de prestixio, María Casares é como un salmón que escala a contracorrente. Celebra os 50 anos na profesión na tempada 1992-1993 con louvanzas para o seu papel de Lear de Shakespeare, dirixida por Bernard Sobel.